

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

Texto

Hace unos días me sorprendí a mi mismo tecleando el título de dos obras de un mismo autor en la ventanilla única de Google para deducir si una de ellas era más “importante” (las comillas son aquí necesarias) que la otra. La primera devolvía 600.000 resultados, la segunda 2.400.000. Ni que decir tiene cual fue mi conclusión. Lo que me sorprendió fue la capacidad canonizadora que, de modo prácticamente inconsciente y automático, concedí al veredicto de Google, sin detenerme a pensar un poco sobre el rigor y la calidad que el mágico algoritmo del buscador es capaz de encontrar en décimas de segundo. ¿Qué importa? El caso es un número, una cifra que establece un *ranking* universalmente reconocido. Hay una web muy divertida llamada Googlefight (googlefight.com), donde puede usted introducir dos criterios de búsqueda para ver quien gana. Algunos clásicos son Steve Jobs vs. Mark Zuckerberg; Google vs. Microsoft; Luke Skywalker vs. Darth Vader o MacDonalds vs. Burger King. La gente pasa el tiempo metiendo cosas como Rajoy vs. Zapatero, Celta vs. Depor, Beiras vs. Feijoo y por ahí, lo que, entre otras cosas, además de evidenciar lo poco que tienen que hacer algunos, demuestra la tendencia basalmente binaria del ser humano. Yo recuerdo aún cercanos los tiempos en los que existía la profesión de documentalista, un señor o señora a quien se le encargaba información circunstanciada sobre un asunto y, pasados unos días, enviaba un dossier completo, relativo al particular que había motivado la consulta. Personalmente superé hace mucho la superflua dialéctica ‘papel-digital’ o, más ampliamente, ‘tecnofilia-tecnofobia’, entre otras cosas porque, en cuanto a tecnologías de la comunicación, mi profesión de editor me obliga a estar siempre un poco más allá que el común de los mortales. Pero, poniendo una vela a Google, non soy capaz de no ponérsela a Gutenberg. Pienso, precisamente, en la indeleble huella que una cultura (?) adquirida bajo demanda y desprovista de la beneficiosa «jerarquía» que proporcionaba el papel (no es lo mismo un manual que un libro de texto ni una enciclopedia que una monografía) está dejando cada vez con más intensidad en ya varias generaciones. Hace semanas reflexionaba en esta misma columna sobre el desprecio al pensamiento complejo, casi una característica de los denominados nativos digitales. Hasta cierto punto Google quintaesencia esa ausencia de crítica. Aunque, por lo demás, San Google sirve para todo. La viñeta es elocuente: “María, ¿tú sabes donde tengo los calzoncillos?” “¡Yo que carajo sé, busca en Google!

Juan L. Blanco Valdés (*El Correo Gallego*, 28 de diciembre de 2013) (traducido)

1. Indique, en una frase de non más de 25 palabras, cual es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en el se expresan. [6 puntos]

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

Texto

Hai uns días sorprendinme a min mesmo tecleando o título de dúas obras dun mesmo autor na ventanilla única de Google para deducir se unha delas era máis “importante” (as aspas son aquí necesarias) ca a outra. A primeira devolvía 600.000 resultados, a segunda 2.400.000. Nin que dicir ten cal foi a miña conclusión. O que me sorprendeu foi a capacidade canonizadora que, de xeito practicamente inconsciente e automático, concedín ao veredito de Google, sen determe a matinar un pouco sobre o rigor e calidade das coincidencias que o máxico algoritmo do buscador é quen de atopar en décimas de segundo. Que importa? O caso é o número, unha cifra que establece un ranquin universalmente recoñecido. Hai unha web moi divertida chamada Googlefight (googlefight.com), onde pode vostede introducir dous criterios de procura para ver quen gaña. Algúns “clásicos” son Steve Jobs /vs/ Mark Zuckerberg; Google /vs/ Microsoft; Luke Skywalker /vs/ Darth Vader ou MacDonalds /vs/ Burger King. A xente pasa o rato metendo cousas como Rajoy /vs/ Zapatero, Celta /vs/ Depor, Beiras /vs/ Feijoo e por aí, o que, entre outras cousas, ademais de evidenciar o pouco que teñen que facer algúns, demostra a tendencia basalmente binaria do seu humano. Eu lembro aínda próximos os tempos nos que existía a profesión do documentalista, un señor ou señora a quen se lle encargaba información circunstanciada sobre un asunto e, pasados uns días, enviaba un dossier impreso, relativo ao particular que motivara a consulta. Persoalmente superei hai moito a superflua dialéctica ‘papel-dixital’ ou, máis amplamente, ‘tecnofilia-tecnofobia’, entre outras cousas porque, en punto a tecnoloxías da comunicación, a miña profesión de editor obrígame a estar sempre un chisco máis alá ca o común dos mortais. Pero, poñendo unha vela a Google, non son quen de non poñerlla a Gutenberg. Penso, precisamente, na indeleble pegada que unha cultura (¿) adquirida baixo demanda e desprovista da beneficiosa «xerarquía» que proporcionaba o papel (non é o mesmo un manual ca un libro de texto nin unha enciclopedia ca unha monografía) está deixando cada vez con máis intensidade en xa varias xeracións. Hai unhas semanas reflexionaba nesta mesma columna sobre o desprezo ao pensamento complexo, case unha característica dos denominados nativos dixitais. Ata certo punto, Google quintaesencia esa ausencia de crítica. Anque, polo demais, San Google serve para todo. A viñeta gráfica é elocuente: “María, ti sabes onde teño os calzoncillos?” “Eu que carallo sei, busca en Google!”.

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, reflectindo as ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de forma argumentada e razoada, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]